

Fomentadores e xábegas na enseada de Aldán (III)

Terceira fase do asentamento catalán e chegada a Cangas



A fábrica de Punta Halada, en Vilanova, na súa denominación orixinal e que provén de "halar" as redes.

Xerardo Dasairas*


06·11·22 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/11/06/fomentadores-xabegas-na-enseada-aldan-78149968.html>

Neste período vaise producir o desprazamento cara as Rías Baixas dos fomentadores cataláns, **producíndose moitos litixios entre eles que se van resolvendo con regulamentos de pesca**. A perda dos privilexios eclesiais da Colexiata a causa da **Desamortización vai propiciar que os fomentadores poidan finalmente ir instalando as súas fábricas en Cangas**

Segundo os datos e cálculos suministrados polos estudosos do tema, a **terceira ondata de fomentadores vaise dar entre o ano 1809, unha vez expulsos os franceses, e o 1825**, supondo isto o restante 25% dos establecidos en total en Galicia. Como xa comentamos, á chegada dos franceses volveuse prohibir o uso da xábega e ao que se ve, xa eran moitos mariñeiros en Cangas os que facían uso dela a teor das multas e embargos de barcos e redes que case os somen na indixencia. Por outra banda e ao fío do ano 1800, os cataláns **xa avanzaran máis alá da ría de Aldán, instalándose en Beluso** **Joan Ricart** que collera en arrendamento o que fora o denominado Real Almacén (despois Massó) e Nicolás Domenech en Marín que investiría logo en Bueu e Beluso. O novo réxime constitucional vai proveer novas normas de pesca, destinadas agora a regulamentar polo miúdo os tempos e os lugares de uso de cada arte, **diminuindo a conflictividade na pesca pero aumentando os litixios entre os xa numerosos fomentadores**.

O aluguer e venda de fábricas tamén vai ser unha constante a partir destas datas, o que dificulta o seguimento das realmente instaladas e os seus donos. Neste sentido e tempo, podemos constatar que, ao menos desde comezos deste século, **Vicente González Gayoso e o seu irmán Alexandro, rendeiros e tratantes de viños e gando residentes en Cangas**, rexentan unha fábrica de salga en Aldán que en 1814 van arrendarlle por tres anos a José Benito Martínez, percibíndose tamén que os cataláns xa non eran donos das artes nin as alugaban, adicándose a mercarlle a pesca aos escasos patróns que posuían algunhas delas e barco.



Unha ilustración de mariñeiros halando as redes na praia.

Na altura de 1828 e coa supresión do Décimo, a Colexiata canguesa, dependente do arcebispado, aínda seguía sen rexistrar ingresos da pesca o que provocaría que **moitos mariñeiros se vaian convertendo en armadores, coincidindo tamén coa menor esixencia da Matrícula do Mar** (reforma dos exércitos) e o peche dalgunhas fábricas de salga cuxos fomentadores retornarían a Cataluña. Durante a crise e no ano 1829, acentuada ademais pola supresión do comercio con América, deixarían a salgadura Félix Ferrer e Pablo Ortega que se adicarían agora só á compra-venta de sardiña, á venda de produtos ou como arrendadores de redes de pesca. A **Desamortización do 1837, eliminaría definitivamente os restos do pago do Décimo** e instalarían no Hío as súas fábricas de pesca (xa na terminoloxía da época) **Juan e Simón Curbera, Carlos Figueres, Juan Ventura Moreu (edil en Vigo) ou Leopoldo Lamberty** que máis tarde iría para Mendiña. Como dixemos, nestes anos, un elemento tan importante como o sal pasou por épocas de restricións que provocaron o seu **contrabando, revendas, fraudes e periodos de alzas e baixadas no prezo** deste produto tan necesario para as salgadeiras.

Nestes anos, un elemento tan importante como o sal pasou por épocas de restricións que provocaron o seu contrabando, revendas, fraudes e periodos de alzas e baixadas no prezo deste produto tan necesario para as salgadeiras

En 1841 decretaríase o estanco do sal entregándollo a arrendatarios pero en 1846 poríase fin a este arrendo pola nova crise da sardiña que en anos anteriores tivera anos de malas e boas colleitas que sería longo de pormenorizar. **Entre 1850 e 1860 as principais salgadeiras son as de Francisco Gil Montelles en Temperáns, a de Benito Ferrer en Río Esteiro e a de Juan Moreu, entanto Ventura Moreu e fillo instálanse en Barra e Tomás Gallup en Aldán.** A partir de 1860, ademais dos anteriores, vai establecerse no Hío Simón Agulla e en Balea José Barreras que vai ser o primeiro establecido en Cangas.

Evolución dos principais asentamentos cataláns nalgunhas rías galegas en %			
Rias	1760-77	1778-1808	1809-30
Ferrol	77,4	5,5	2,4
Ares-Betan.	4	1,4	
Coruña	1,6		6
Arousa	16,9	76,7	39,8
Pontevedra			12
Vigo		15,1	34,9

Asentamentos cataláns nas rías galegas.

En 1870 produciríase o **desestanco definitivo do sal**, deixando de ser un problema e xerando un novo estímulo nesta industria. Por este tempo, os fomentadores van rachar coa súa tradicional endogamia e comezarán a casar con galegas de familias podentes e a facer negocios cos escasos galegos que se dedicaban ao trato e procesado da pesca. A importancia da pesca na enseada de Aldán nestes anos, levaría a que esta fose **considerada como un distrito marítimo, instalándose para o control da mesma unha axudantía de Mariña dirixida por Juan Medina y Reina cara a 1850.**

Os fomentadores chegan a Cangas

Hai que deducir que polos envíos de peixe que saían do porto de Cangas, en **principio congro e polbo e logo sardiña e outros peixes, estes ían previamente secados e máis adiante tamén lañados en salmoira.** Neste sentido, acredítase en 1748 unha fábrica de salga dependente da confraría canguesa da Misericordia que nesta altura tiña substituído á do Bon Jesús no control arcebispal do produto do mar. Isto indica que en Cangas e no seu anexo de Darbo aínda pervivían os vellos sistemas de conservación do peixe, entanto en Aldán, desde o 19 de setembro de 1840 xa se intenta poñerlle fin aos enfrontamentos na ría, asinando un regulamento que é o máis antigo que se coñece.

Estas normas serían anovadas en 1855 na Axudantía de Cangas, asinadas por fomentadores, armadores e patróns desta área de pesca e no mesmo recóllense as postas, horarios e tempos para cada arte, lances, preferencias... **Asinan este documento Antonio Aranda Peri, Juan Buet, Jaime Bolívar Galup, Manuel Menduiña, Domingo A. Gago, Manuel Otero e Manuel A. Martínez, agás os Ferrer y Valverde que se abstiveron de facelo.** Tampouco asinan este e outros documentos, os irmáns Lluch pois acabaron enleados entre eles nun longo pleito que se resolveu a favor de José Manuel, entanto **a fábrica de Ameixide acabou sumida no abandono ata que en 1860 foi mercada por Francisco Gelpí con fábrica en Bueu** que en 1798 xa tiña mercado unha casa pertencente á antiga reitoral do Hío.

V E N T A

Se vende una fábrica de salazón de sardina, con su casa, habitación y huerta en la parroquia de S. Cipriano de Aldán. Las personas que quieran hacer propuestas podrán apersonarse con don Pedro Martín Molíns, en el Arenal de Vigo.

Anuncio de venta pola crise da sardiña.

Entanto en Cangas, **a pesca vai colapsar como negocio ao se suprimiren nestes mediados de século, os décimos e primicias da colexial** e cara a 1860 xa temos instalada a primeira fábrica de salga, que vai abrir da man de **José Barreras (logo Viúva de J. Barreras e Hijos) en Punta Balea.** Moi preto deste, abriría **Francisco Gil Montelles**, copropietario de barcos de comercio a América, que tiña fábrica

en Bueu, a xa citada de Temperáns e outra na illa Norte das Cíes (Punta Muxieira) e que vai ter roces cos Barreras pola construción do peirao da Congorza en 1864. Nestas datas tamén se instalaría en Cangas **Joaquín Francisco Graña Rodal que tiña tamén na illa de San Martiño** a outra das dúas fábricas de Cíes que desde 1837 pertencera a **Ramón Buch**.

A vella tradición do secado do polbo seguía viva en Cangas pois en 1884 o empresario José Idal ten que enfrentarse á unha reclamación veciñal no Concello polo forte cheiro que desprendían os seus secadoiros do Forte que se manterían alí a pesar de todo.

Remataban así moitos anos de oposición do gremio dos mariñeiros cangueses ao establecemento dos fomentadores cataláns na súa zona, sempre apetecible polo seu volume de pesca, pois nestas datas **aínda suministraba uns 60 millóns de sardiñas fronte aos tres que se pescaban no Hío e Aldán**. A flota de Cangas, ademais disto, era unha grande abastecedora doutros tipos de peixe e de congro e polbo, produtos nos que xa viñan destacando desde antigo na súa exportación en reas de cabalerías ou por Redondela comunicada por estrada que **logo mudaría ao porto de Vigo coa mellora das comunicacións terrestres grazas a estrada Vigo-Villacastín**. A vella tradición do secado do polbo seguía viva en Cangas pois en 1884 o empresario José Idal tén que enfrentarse á unha **reclamación veciñal no Concello polo forte cheiro que desprendían os seus secadoiros do Forte que se habían manter alí a pesar de todo.**



A "Consuelo" última lanha de xávega. Bueu 1965



Consuelo, a última lanha de xávega de Bueu.

Voltando a Aldán, consta que nos anos de 1865 e de 1868 se farían **novos regulamentos para a ría, avalados polas autoridades e sempre dirixidos a controlar o potencial pesqueiro** das xávegas, conseguindo traer certa paz e concordia na pesca da ría. Nunha matrícula de subsidio de 1872 do Concello de Bueu, figuran como fabricantes de salga no Hío, Félix Ferrer, José Gelpí (fillo de Francisco), Ventura Moreu, Celestino Buet (tiña un galeón de transporte), Simón Agulla, Serafín Barros e Manuel Lourido Besada e Tomás Galup Moreu en Aldán. Por datos estatísticos de 1878, **o porto de Aldán aparece reseñado como o segundo de España en valor material (900.000 pts.) por detrás do da Póboa do Caramiñal**, tendo a 3.154 persoas empregadas. En 1879 Leopoldo Lamberti Proglío, que tiña unha

salgadeira en Cabo Pequeno, pasaría a rexentar a fábrica de Ameixide que antes fora dos Gelpí e logo de José Dotras Fábregas que casara con Victoria Lamberti, entroncando ambas familias. Finalmente, esta fábrica sería comprada por J. Ramón Curbera Puig en 1906.

Grazas a outro dos regulamentos, asinado o 16 de maio de 1882, podemos achegar máis nomes de armadores e propietarios de xábegas e cercos na ría de Aldán como eran Benito Ferrer Blasco, José Fernández Gandón, Manuel Prieto Armelo, José Lorenzo Otero e Carlos Pardavila Piñeiro do Hío con Enrique Mandado Bermúdez e Serafín Barros de Aldán. Neste acordo tamén asinan Jaime Bolívar Galup de Bueu e patróns como J. Benito Sestais Pousa, Cándido Gago Otero e os Lorenzo Mendiña, Carballo, Portas ou M. Rodríguez.



Xerardo Dasairas

**Profesor e investigador*